



Sargos e especies afíns en Galicia

Rafael Bañón

Doutor en Bioloxía. Traballa no Instituto Español de Oceanografía de Vigo e é autor de numerosas publicacións científicas e divulgativas sobre taxonomía e bioloxía de peixes, pesca artesanal, especies mariñas exóticas e antropoloxía pesqueira.



Imaxe 1. Sargos (*Diplodus sargus*) recién capturados pola frota galega 1.

1. Introducción

Coñecemos como sargos e especies afíns os peixes mariños que pertencen á familia Sparidae (espáridos). A familia conta actualmente con arredor de 166 especies en todo o mundo, 24 das cales están presentes na península Ibérica. En Galicia hai aproximadamente unhas 19 especies, aínda que algunhas delas son citas moi antigas que non volveron aparecer e outras, pola contra, son especies novas que están chegando ás nosas costas debido ao cambio climático.

As especies de espáridos manteñen semellanzas morfolóxicas que permiten identificalas facilmente como pertencentes a esta familia. O seu corpo é ovalado, máis ou menos alto, e comprimido lateralmente. Teñen unha soa aleta dorsal e outra anal, e dentes especializados (incisivos, caninos ou molares) segundo a súa dieta. Son especies costeiras que habitan principalmente en latitudes temperadas e tropicais, frecuentando fondos rochosos, areosos ou de fanerógamas mariñas. Moitas especies son hermafroditas, podendo cambiar de sexo ao longo da súa vida.

Os espáridos son moi valorados pola calidade da súa carne branca e firme, o que lles outorga prezos elevados nas lonxas. Por iso son obxecto de pesca intensiva, tanto deportiva como comercial, así como de cultivo (acuicultura).

2. Como diferenciar as especies

Aínda que as diferentes especies manteñen unha forma e coloración de base semellantes, pódense diferenciar polas manchas ou bandas, as franxas do corpo e a forma da boca.



Sargo/Sargo común *Diplodus sargus*



Sargo picudo/Sargo bicudo
Diplodus puntazzo



Sargo breado/Sargo acastañado
Diplodus cervinus



Mojarra/Chaparella
Diplodus vulgaris

Imaxe 2. Especies do xénero *Diplodus*.

2.1. xénero *Diplodus*

- Sargo común/Sargo (*Diplodus sargus*): Presenta unha mancha negra característica no pedúnculo caudal (nacemento da cola) que non chega ao bordo inferior, e adoita ter entre 8 e 9 franxas verticais escuras no corpo que poden difuminarse coa idade, sendo pouco visibles.
- Sargo bicudo/Sargo picudo (*Diplodus puntazzo*): Distínguese polo seu fociño puntiagudo e alongado, con labios finos. As franxas verticais son moi marcadas e alternan entre intensas e claras.
- Sargo acastañado/Sargo breado o real (*Diplodus cervinus*): Recoñécese facilmente polas súas 5 ou 6 franxas transversais moi anchas e escuras (case marróns ou negras) sobre un fondo prateado ou dourado.

- Chaparella/ Mojarra (*Diplodus vulgaris*): A miúdo confúndese co sargo común, pero diferénciase por ter dúas bandas negras moi marcadas, unha detrás da cabeza e outra no pedúnculo caudal, e carecer de franxas verticais.



Besugo/Ollomol *Pagellus bogaraveo*



Aligote/Pancho bicudo *Pagellus acarne*



Breca *Pagellus erythrinus*

Imagen 3. Especies del género *Pagellus*.

2.2. Género *Pagellus*

- Ollomol/Besugo (*Pagellus bogaraveo*): Ollo grande, cun diámetro maior que a lonxitude do rostro. Presenta unha mancha negra ao comezo da liña lateral, pouco marcada nos exemplares novos.
- Pancho bicudo/Aligote o Besugo Blanco (*Pagellus acarne*): É máis alongado e pequeno que o besugo. Ten unha pequena mancha escura na axila da aleta pectoral.

- Breca (*Pagellus erythrinus*): O seu corpo é máis estilizado e a súa cor é dun rosado máis intenso, a miúdo con pequenos puntos azulados brillantes. O bordo superior do opérculo é de cor avermellada, cunha mancha tamén avermellada na base das aletas pectorais.



Dorada/Dourada *Sparus aurata*



Pargo/Prago *Pagrus pagrus*



Chopa/Choupa *Spondyliosima cantharus*

•

Imagen 4. Figuras doutras especies de espáridos presentes en Galicia.

2.3. Outros xéneros e especies

- Dourada/Dorada (*Sparus aurata*): Unha mancha escura ao comezo da liña lateral e unha franxa dourada curva entre os ollos, de onde procede o seu nome.
- Prago/Pargo (*Pagrus pagrus*): Dorso avermellado ou rosado coa cabeza máis escura desde a caluga ata a boca; aleta caudal rosada coa parte distal dos lóbulos de cor branca, e o resto das aletas de cor rosada.

- Choupa/Chopa (*Spondyliosoma cantharus*): Corpo alto e ovalado cunha lixeira depresión no perfil superior, por enriba do ollo; entre 15 e 18 liñas lonxitudinais parduzas ou douradas máis ou menos sinuosas, frecuentemente interrompidas, non continuas.

Bibliografía

Báez, C., Rodríguez-Cabello, C., Bañón, R., Brito, A., Falcón, J.M., Maño, T., Baro, J., Macías, D., Meléndez, M.J., Camiñas, J.A., Arias-García, A., Gil, J., Farias, C., Artetxe, I., Sánchez, F. (2019) Updating the national checklist of marine fishes in Spanish waters: An approach to priority hotspots and lessons for conservation. *Mediterranean Marine Science*, 20/2, 260-270.

Bañón, R., Villegas-Ríos, D., Serrano, A., Mucientes, G., Arronte, J.C. (2010) Marine fishes from Galicia (NW Spain): an updated checklist. *Zootaxa*, 2667 (1): 1-27.

Bañón, R., Maño, T. 2021. Revisión taxonómica de la ictiología marina de Galicia: Clase Actinopteri (Orden Trachiniformes al Orden Tetraodontiformes). *Nova Acta Científica Compostelana (Biología)*, 28: 77-104.